Concello de AMES

ACTA DE APERTURA DO SOBRE "C" DENOMINADO "PROPOSICIÓN ECONÓMICA E CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA" DO SERVIZO PARA A XESTIÓN E IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS NA AULA CEMIT DE REFERENCIA DO CONCELLO DE AMES.

Na Casa Consistorial de Ames sendo as 13:30 horas do día 22 de marzo de 2017, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **SERVIZO PARA A XESTIÓN E IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS NA AULA CEMIT DE REFERENCIA DO CONCELLO DE AMES.**

ASISTENTES:

Presidente:

Jose M. Miñones Conde, alcalde e responsable da Área de Reforma Administrativa.

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames

Margarita Fernández Sobrino, interventora do Concello de Ames

José Rogelio Pardo Martínez, xefe do servizo de contratación do Concello de Ames

Secretaria:

M. Isabel Quintáns Ríos, auxiliar administrativa do Departamento de Contratación

Asiste, segundo manifesta, en representación da empresa licitadora OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS S.L Alexandra Carballo Fariña, DNI 77.418.172-B.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, a secretaria por indicación do presidente da mesa, procede a dar lectura ao informe emitido polo técnico Informático da Área de Reforma Administrativa, Miguel A. Díaz Aviñoa.

En dito informe ponse de manifesto unha serie de discrepancias observadas tras a valoración da oferta presentada con respecto aos Pregos de Cláusulas administrativas Prescricións Técnicas:

En relación ao "Programa de actividades mínimas a impartir" no prego solicitábase con respecto ao curso de "Uso do DNI electrónico e o Certificado" un mínimo de 4 cursos de 4 horas cada un, ofertando a empresa 3 cursos de 4 horas, non cumprindo polo tanto cos contidos mínimos establecidos nos pregos.

A vista do exposto, a mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primerio.- Propoñer a exclusión do procedemento á empresa OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS S.L por non cumprir co programa de actividades mínimas a impartir establecidas como anexo no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Segundo.- Sendo a anterior empresa licitadora a única que seguía admitida no procedemento, proponse declarar deserto o procedemento de licitación do *Servizo para a Xestión e impartición de actividades formativas na Aula Cemit de referencia do Concello de Ames* ao non existir máis empresas licitadoras neste servizo.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto, sendo as catorce horas, do que se estende o presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.

C.I.F.: P – 1500200 – I

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925